

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 26 DE XULLO DE 2018.

No salón de plenos da Casa Consistorial do Concello de Culleredo, sendo as trece horas e trinta e cinco minutos do día 26 de xullo de 2018, e previa a oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, reúnese o Pleno municipal en sesión Ordinaria, en primeira convocatoria.

Preside a sesión o sr. alcalde, don José Ramón Rioboo Castro, e asisten:

Polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE:

D^a MARIA GUADALUPE POMBO CARRIL
D^a MARIA DEL CARMEN VARELA CORBELLE
D. DIEGO ANTONIO TAIBO MONELOS
D^a MARTA MARIA IGLESIAS BECERRA
D. JUAN CARLOS IGLESIAS LOVELLE
D^a MARTA MARIA FIGUEROA FUENTES
D. MIGUEL SUAREZ GARCIA
D^a MARÍA PENÉLOPE LÓPEZ DÍAZ

Polo Grupo Municipal do PARTIDO POPULAR

D. ANTONIO CAÑAS VARELA
D^a LUCÍA FARIÑAS SEOANE (incorpórase no momento que se expresa)
D^a MARIA OFELIA RAMOS LUNA
D. JAIME MOSCOSO MUIÑOS

Polo Grupo Municipal de ALTERNATIVA DOS VECIÑOS DE CULLEREDO

D^a MARIA ALICIA FERREIRO VARELA
D. CARMELO CORTES SANCHEZ
D^a NURIA CARBALLED A FEIJOO (incorpórase no momento que se expresa)

Polo Grupo Municipal da MAREA VECIÑAL DE CULLEREDO

D. JOSE JUAN SANTOS IGLESIAS
D. MANUEL ISIDRO TAIBO GAGO

Polo GRUPO MIXTO

D. ENRIQUE ANTONIO CHOUCIÑO GARRIDO (BNG)
D. JESUS MANUEL VAZQUEZ LOZANO (CIDADÁNS)

Concelleira non adscrita

D^a VERÓNICA RIVADULLA DESCHAMPS

Asiste á sesión a interventora municipal, dona Vanesa Garcia Barreiro e da fe do acto a secretaria xeral accidental dona María de las Nieves Fuentes Bermejo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e

Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA EN DATA 28 DE XUÑO DE 2018.

Seguidamente, de conformidade co previsto no art. 79 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP N° 162, 16/7/2004), pola Presidencia pregúntase se existe algunha obxección ou observación a acta da sesión ordinaria celebrada en data 28 de xuño de 2018, da que se entregou copia remitida coa convocatoria desta sesión.

Non producíndose intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a acta da sesión ordinaria celebrada en data 28 de xuño de 2018, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a acta da sesión ordinaria celebrada en data 28 de xuño de 2018.

2.- DACIÓN DE CONTA RESOLUCIÓN APROBACIÓN CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DE PONTECESO.

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación municipal da resolución da Alcaldía número 1090/2018, de data 12 de xullo de 2018, que transcrita literalmente di:

"RESOLUCIÓN

O Concello de Ponteceso, en data 11 de xullo de 2018 solicita colaboración ao Concello de Culleredo consistente no reforzo do servizo policial con dous policías locais pertencentes ao cadro de persoal do Concello de Culleredo durante a festa do percebe a celebrar o día 14 de xullo de 2018, correndo os gastos derivados da dita actuación policial con cargo ao Concello de Ponteceso.

A Lei 40/2015, de 1 de outubro, do sector público (LRJSP), establece no seu artigo 47.2 que "os convenios que subscriban as administracións públicas (.../...) deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

a) Convenios interadministrativos asinados entre dúas ou máis administracións públicas, (.../...) e que poderán incluír a utilización de medios, servizos e recursos doutra Administración pública, organismo público ou entidade de dereito público vinculado ou dependente, para o exercicio de competencias propias ou delegadas", determinando a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no seu artigo 25.2. que "O municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:

(.../...)

f) Policía local, protección civil, prevención e extinción de incendios

(.../...)"

No artigo 48.3 da dita lei 40/2015, do 1 de outubro, establécese que "3. a subscripción de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír á realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Pola súa parte, a Lei 4/2007, do 20 de abril, pola que se aproban as normas reguladoras de coordinación de policías locais de Galicia, no seu artigo 6.3 establece que, "Eventualmente, cando pola insuficiencia temporal dos servizos sexa necesario reforzar o cadro de persoal do corpo de Policía local dalgún Concello, o seu alcalde poderá chegar a acordos con outros concellos para que membros da Policía destes últimos poidan actuar no ámbito territorial do solicitante, por tempo determinado e, de seren preciso, en réxime de comisión de servizo, aceptado voluntariamente polo funcionario.

En base ao exposto, e manifestada a voluntariedade dos axentes que figuran na cláusula número 2 do convenio, e de conformidade coas atribucións conferidas á Alcaldía polo artigo 21 da Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar o convenio de colaboración presentado polo Concello de Ponteceso, con suxeición ás seguintes cláusulas:

"1. O Concello de Culleredo comprométese a reforzar o corpo de policía do Concello de Ponteceso con DOUS efectivos do seu propio corpo de policía local, os cales aceptan voluntariamente o dito servizo, durante o día 14 de xullo de 2018.

2. O horario no que os ditos funcionarios prestarán os seus servizos no Concello de Ponteceso supón a suma de 16 horas traballadas, distribuídas da seguinte maneira:

- Policía nº 094019, servizo de 10:00 a 18:00 horas, realizando un total de 8 horas.*
- Policía nº 094027, servizo de 10:00 a 18:00 horas, realizando un total de 8 horas.*

3. O réxime no que tales funcionarios se atoparán durante a prestación dos mesmos será de Comisión de Servizos.

4. O Concello de Ponteceso aboará ao Concello de Culleredo a contía de 432,00€ (correspondentes á realización de 16 horas por parte dos Policias Locais), por este servizo, non podendo aboar cantidade algunha aos axentes en servizo. O dito abono deberá ingresarse na conta municipal do Concello de Culleredo no prazo dun mes desde o remate dos citados servizos.

5. Posteriormente, o Concello de Culleredo non máis tarde do seguinte mes de haberse realizado os citados servizos, ingresará aos axentes as contías resultantes da comisión de servizos efectuada.

6. O presente convenio ten natureza admsitrativa e todas as cuestións que del se deriven resolveranse ante a xurisdición contencioso-administrativa."

Segundo.- Dar conta ao Pleno municipal na primeira sesión que celebre.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acto, ao abeiro do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña que corresponda, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, se se interpuxera o potestativo de reposición, en tanto non se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do mesmo polo transcurso do prazo dun mes desde a súa interposición, de acordo co establecido no artigo 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

Neste caso, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses desde a resolución expresa do recurso, a contar desde o día seguinte ao da notificación do mesmo; ou ben, seis meses, a contar desde o día seguinte en que deba entenderse desestimado por silencio administrativo o citado recurso potestativo de reposición.

En todo caso, poderá interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente para a defensa dos seus intereses."

3.- DACIÓN DE CONTA DE INFORMES DE REPAROS DE INTERVENCIÓN.

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación municipal dos seguintes informes de reparo formulados pola Intervención municipal:

- Informe de data 25/04/2018 (código de documento UIT12I007K)
- Informe de data 04/07/2018 (código de documento UIT12I00FK)
- Informe de data 23/05/2018 (código de documento UIT12I00AS)
- Informe de data 22/06/2018 (código de documento UIT12I0087)



C.I.F. P-1503100-H

4.- DACIÓN DE CONTA DE CESIÓN DE TERREOS PARA VIARIOS PÚBLICOS.

4.1.- A Presidencia dá conta aos membros da Corporación municipal da resolución número 1008/2018, de data 26/06/2018, de aceptación da cesión dunha superficie de 2,95m2 para o seu destino a viario público no lugar de rúa Mártires de Carral – Rutis, formalizada en escritura pública outorgada o 24/04/2018 ante o Notario do Ilustre Colexio Notarial de Galicia don Emilio López de Paz, co número 397 do seu protocolo.

4.2.- A Presidencia dá conta aos membros da Corporación municipal da resolución número 1009/2018, de data 26/06/2018, de aceptación da cesión dunha superficie de 461,63 m2 para o seu destino a viario público no lugar de Rumbo, da parroquia de Celas, formalizada en escritura pública outorgada o 01/06/2018 ante a Notario do Ilustre Colexio Notarial de Galicia dona María de la Cruz Nieto Peñamaría, co número 982 do seu protocolo.

4.3.- A Presidencia dá conta aos membros da Corporación municipal da resolución número 1071/2018, de data 05/07/2018, de aceptación da cesión dunha superficie de 72m2 para o seu destino a viario público no lugar de rúa Río Chan, parroquia de Culleredo, formalizada en escritura pública outorgada o 16/10/2018 ante a Notario do Ilustre Colexio Notarial de Galicia dona María de la Cruz Nieto Peñamaría, co número 1873 do seu protocolo.


5.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA E CONCELLARÍAS DELEGADAS.

A Presidencia, de conformidade co disposto no art. 55 do ROM, dá conta aos membros da Corporación das resolucións ditadas pola alcaldía e concellarías delegadas, que comprenden un total de 191 resolucións numeradas da 942 á 1132 do ano 2018, que se relacionan deseguido:

NÚM. RESOLUCIÓN	DATA	EXTRACTO
--------------------	------	----------


PLENO 26-07-2018

- 942 20/06/2018 Recoñecemento da obriga e ordenación do pagamento das axudas concedidas a asociacións e entidades sen ánimo de lucro. Liña de actuación número 5 - PROMOCIÓN DA CULTURA (AGRUPACIÓN FOLCLÓRICA ANCORADOIRA-2.607,85€).
- 943 20/06/2018 Autorización asociación DISMACOR uso locais sala multiusos-ximnasio Centro Ocupacional A Escada e sala municipal actividades Victoria Díaz Cabanela para obradoiros varios de verán dirixidos a nenos e nenas con discapacidade do 01-07-2018 ao 31-08-2018.
- 944 20/06/2018 Autorización á ASOCIACIÓN ANHIDA CORUÑA ao uso do local Sala municipal de actividades Victoria Díaz Cabanela para actividades de verán propias da asociación de luns a venres de 9.30 a 13.30 horas do 01-07-2018 ao 31-08-2018.
- 945 20/06/2018 Orde cambios de titularidade no Catastro Inmobiliario.
- 946 20/06/2018 Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de G.C.B.
- 947 20/06/2018 Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de C.A.C.M. e N.M.C.S.
- 948 20/06/2018 Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de A.A.D.
- 949 20/06/2018 Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de J.M.L.C.
- 950 20/06/2018 Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de B.L.F.
- 951 20/06/2018 Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de C.T.V. e C.A.T.
- 952 20/06/2018 Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de C.S.C.V.
- 953 20/06/2018 Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de P.D.C.P.
- 954 20/06/2018 Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de J.A.V.R.
- 955 20/06/2018 Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de J.P.L.
- 956 20/06/2018 Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de C.C.S.G. e M.L.C.
- 957 20/06/2018 Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de S.F.B. e G.F.F.
- 958 20/06/2018 Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de A.T.T. e M.T.
- 959 20/06/2018 Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de A.B.C.



C.I.F. P-1503100-H

- 960 20/06/2018 Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de M.R.G.G.
- 961 20/06/2018 Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de M.C.V. e R.S.
- 962 20/06/2018 Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de G.I.B.
- 963 20/06/2018 Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de G.C.B.
- 964 20/06/2018 Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de M.E.G.F.
- 965 20/06/2018 Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de D.S.T.
- 966 20/06/2018 Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de A.D.C.J.
- 967 20/06/2018 Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de S.C.C.Y.
- 968 20/06/2018 Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de D.P.C.
- 969 20/06/2018 Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de C.V.M.
- 970 20/06/2018 Asunción pola alcaldía da suplencia da concelleira da Área de Benestar Social e Igualdade, D^a María Guadalupe Pombo Carril, desde o 3 ao 15 de xullo de 2018 (ambos os dous incluídos).
- 971 20/06/2018 Convocatoria á sesión ordinaria da Xunta de Voceiros do día 22-06-2018.
- 972 20/06/2018 Delegación na concelleira, D^a María del Carmen Varela Corbelle, do exercicio da competencia para a celebración do matrimonio civil entre S.G.L. e L.L.D. o 22-06-2018 ás 19.00 horas.
- 973 21/06/2018 Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a M.E.B.R. do recibo de auga por importe de 124,74€ correspondente ao 4º trimestre de 2017 e 1º trimestre de 2018 e do recibo de luz por importe de 219,98€ do 04-01-2018 ao 06-05-2018.
- 974 21/06/2018 Concesión a M.V.A.C. dunha axuda económica en concepto de recibo de auga por importe de 89,98 do 1º trimestre de 2018, recibo de auga do 4º trimestre de 2017, 2º e 3º trimestre de 2018, pago recibo luz 98,68€ do mes de xaneiro de 2018 a marzo 2018 e máis.
- 975 21/06/2018 Concesión a R.M.V.R. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1075€.
- 976 21/06/2018 Denegación a R.P.V. das axudas para bono de aluguer.
- 977 21/06/2018 Denegación a M.J.C. das axudas para bono de aluguer.
- 978 21/06/2018 Concesión a D.M.A.G. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1075€.





**CULLEREDO
CONCELLO**

(R.E.L. 01150315)

Código do documento

USG12I00NR


Código do expediente

USG/2018/113

Código de Verificación Electrónica (COVE)



3S3T 470L 065G 3S4I 0X84



C.I.F. P-1503100-H

- 979 21/06/2018 Concesión a M.C.L.F. dunha axuda económica para o pago de recibos de comunidade de propietarios correspondentes aos recibos pendentes.
- 980 21/06/2018 Concesión a P.V.D. dunha axuda económica para o pago de recibo de electricidade por importe de 227,14€ de novembro a decembro de 2017 e xaneiro e febreiro de 2018, pago recibo auga 115,44€ do 4º trimestre de 2017 e 1º de 2018 e máis.
- 981 21/06/2018 Corrección do erro detectado na resolución núm. 907 do 13-06-2018.
- 982 21/06/2018 Aprobación proxecto Obradoiro de Emprego denominado "Dinamizando Culleredo" e solicitude á Consellería de Economía, Emprego e Industria da concesión dunha subvención por importe de 154.262,40€ para a posta en funcionamento do devandito obradoiro.
- 983 21/06/2018 Aprobación da lista definitiva dos/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo convocado para a selección dun técnico/a de turismo.
- 984 21/06/2018 Concesión ampliación reserva licenza municipal núm. 385, para uso especial de dominio público para reserva de espazo entrada e saída de vehículos (modalidade Reserva Permanente 24 horas) para garaxe situado R/Visitación Encina, 8 á comunidade propietarios
- 985 21/06/2018 Aprobación liquidacións contidas padróns presentados Gestagua, SA relativos taxa distribución auga, IVE taxa distribución auga, taxa depuración augas residuais (IVE engadido) e canón auga 2º trimestre 2018 e autorización cobro correspondentes recibos.
- 986 21/06/2018 Aceptación de plano do desestímulo formulado por J.A.S.B. e aprobación da lista definitiva dos/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo convocado para a provisión do posto de traballo "Enxeñeira/o camiños".
- 987 21/06/2018 Asunción das funcións da alcaldía polo primeiro tenente de alcalde, D. Diego Antonio Taibo Monelos, o día 21-06-2018 desde as 13.00 ata as 15.00 horas.
- 988 22/06/2018 Concesión a D.M.A.C. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1050€.
- 989 22/06/2018 Concesión a S.X.P.S. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1075,68€.
- 990 22/06/2018 Concesión a N.P.P. dunha axuda económica para o pago de recibos de electricidade de 6 meses de 2018, pago recibo auga 1º, 2º e 3º trimestre 2018, Bono de alimentos tipo B e Bono de hixiene tipo A.
- 991 22/06/2018 Concesión a C.M.C. dunha axuda económica para o pago aluguer por importe de 1075,68€.
- 992 22/06/2018 Aprobación do proxecto dun Obradoiro dual de Emprego denominado "Culleredo Verde!" e solicitude á Consellería de Economía, Emprego e Industria da concesión dunha subvención por importe de 288.807,00€ para a posta en funcionamento do devandito obradoiro.
- 993 22/06/2018 Convocatoria á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 25-06-2018.



**CULLEREDO
CONCELLO**

(R.E.L. 01150315)

Código do documento

USG12I00NR

Código do expediente

USG/2018/113

Código de Verificación Electrónica (COVE)



3S3T 470L 065G 3S4I 0X84

- 994 25/06/2018 Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de N.N.A.S. e cinco máis.
- 995 25/06/2018 Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de Y.M.S.R. e tres máis.
- 996 25/06/2018 Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de C.A.C.E. e dous máis.
- 997 25/06/2018 Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de R.R.E. e dous máis.
- 998 25/06/2018 Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de A.A.B.P. e dous máis.
- 999 25/06/2018 Levantamento do reparo formulado pola Intervención Xeral, avocación da competencia e aprobación, disposición, recoñecemento das obrigas O/2018/35 (TERCEIRO: ALEJANDRO GARCIA&ARQUITECTOS SLP - IMPORTE: 4.961,00€ e máis) e ordenación pagamento.
- 1000 25/06/2018 Autorización suspensión provisional obxectivos calidade acústica área acústica tipo a. "Sectores do territorio con predominio de solo de uso residencial" Decreto 1367/2007 limitada rúas Praza Igrexa Vilaboa e Av. Vilaboa 144 a 146 e publicación Taboleiro Edictos.
- 1001 25/06/2018 Concesión a V.M.R. do servizo de Xantar na Casa para os sete días da semana e do servizo de Teleasistencia domiciliaria.
- 1002 25/06/2018 Concesión a M.J.T.M.C. do servizo municipal de Axuda no fogar cunha intensidade de 10 horas á semana (agás festivos).
- 1003 25/06/2018 Concesión a A.S.R. do servizo municipal de Axuda no fogar cunha intensidade de 10 horas á semana (agás festivos).
- 1004 25/06/2018 Concesión a A.M.R.F.S. do servizo municipal de Axuda no fogar cunha intensidade de 5 horas á semana (agás festivos).
- 1005 25/06/2018 Nomeamento instrutora do procedemento, relativo á reclamación por responsabilidade patrimonial formulada por E.R.O., á xefe da Asesoría Xurídica M.N.F.B
- 1006 25/06/2018 Nomeamento instrutora do procedemento, relativo á reclamación por responsabilidade patrimonial formulada por E.S.V., á xefe da Asesoría Xurídica M.N.F.B
- 1007 25/06/2018 Convocatoria á sesión ordinaria do Pleno Municipal do día 28-06-2018.
- 1008 26/06/2018 Aceptación da cesión que fan M.C.C. e M.C.A. a favor do Concello de Culleredo dunha superficie de 2,95 m2 para o seu destino a viario público.
- 1009 26/06/2018 Aceptación da cesión que fai M.C.B.R. a favor do Concello de Culleredo dunha superficie de 461,63 m2 para o seu destino a viario público.
- 1010 26/06/2018 Baixa no Padrón Municipal de Habitantes con efectos desde o 07-03-2018 de C.A.S.A. e máis.
- 1011 26/06/2018 Adxudicación da prestación do servizo "XIX mañás de campamento: campamentos que concilian 2018" á empresa ESPROADE, SL, fixando o prezo

en 72.654,12€, IVE engadido.


- 1012 26/06/2018 Autorización á ONG MESTURA ao uso dos locais do Centro Municipal A Escada-Ximnasio de luns a venres de 9.00 a 14.00 do 01-07-2018 ao 31-08-2018 e e da cociña os venres de 10.00 a 12.00 horas do 01-08-2018 ao 31-08-2018.
- 1013 27/06/2018 Aprobación Plan provincial medio ambiente (PMA) 2016 ADICIONAL. Obra ou subministración a realizar: "SUMINISTRO E INSTALACIÓN DE LUMINARIAS COMO MEDIDA DE MEJORA DE EFICIENCIA ENERGÉTICA Y MEDIOAMBIENTAL EN RÚA LIÑARES. CULLEREDO". Presuposto: 17.159,59€.
- 1014 27/06/2018 Solicitud á Consellería de Política Social da transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal. Importe financiamento solicitado 540.688,00€.
- 1015 27/06/2018 Autorización a D. Enrique Antonio Chouciño Garrido á consulta dos Convenios que se atopan arquivados na Secretaría Xeral do Concello.
- 1016 28/06/2018 Concesión autorización a H.P.R., en representación da entidade FORNO DE LUGO-ALCATRAZ, SL, para a celebración do Mercado Templario do Burgo no Paseo Marítimo do Burgo os días 29 e 30 de xuño e 1 de xullo de 2018.
- 1017 28/06/2018 Inicio expediente sancionador por presunta infracción á normativa en materia de tráfico. Expediente: 3161/2018 e dous máis.
- 1018 28/06/2018 Acceso a petición formulada por M.E.P.M. de renunciar a ampliación da redución de xornada en dúas horas durante os meses de xullo e agosto, quedando polo tanto durante este período a súa redución de xornada de traballo nunha hora diaria.
- 1019 28/06/2018 Concesión a E.B.V. da modificación desde o 01-07-2018 do horario de presenza quedando establecido de 9.00 a 14.00 de luns a venres e autorización á redución da xornada de traballo nun total de tres horas diarias con efectos do 01-09-2018.
- 1020 28/06/2018 Autorización a M.J.C.C. a realizar a súa xornada de traballo na quenda de mañá desde o 2 ao 31 de xullo de 2018, (ambos os dous incluídos).
- 1021 28/06/2018 Autorización a R.H.A. a realizar a súa xornada de traballo na quenda de mañá do 2 ao 24 de xullo de 2018 (ambos os dous incluídos) e do 20 ao 26 de agosto de 2018 (ambos os dous incluídos)
- 1022 28/06/2018 Autorización a J.S.L.O. dunha licenza sen retribución desde o 9 ao 19 de xullo de 2018, (ambos os dous incluídos).
- 1023 28/06/2018 Autorización a T.D.V. a unha licenza sen retribución desde o 9 ata o 20 de xullo de 2018, (ambos os dous incluídos).
- 1024 28/06/2018 Acceso a solicitude de reingreso ao servizo activo formulada por M.C.G.L., que ocupará a praza de asistente a domicilio como persoal laboral fixo.

Código do documento	Código do expediente
USG12100NR	USG/2018/113
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 3S3T 470L 065G 3S4I 0X84	

- 1025 28/06/2018 Concesión D.R.L. cambio de material para exercer servizo transporte público de persoas co vehículo marca PEUGEOT 508 GT, matrícula 1406 KLM, 5 prazas en substitución vehículo marca PEUGEOT 508 matrícula 6219 HTK, conservando núm. 4 licenza municipal.
- 1026 28/06/2018 Concesión do permiso municipal de condutor do Concello de Culleredo a J.B.B. cunha validez de cinco anos, ou ata que se produza o vencemento do seu permiso de conducir, para a licenza de taxis núm. 12.
- 1027 28/06/2018 Alta como condutor asalariado da licenza de autotaxi núm. 15 do Concello de Culleredo a J.A.F.R.
- 1028 28/06/2018 Autorización do uso especial por NEDGIA GALICIA SA dos terreos de dominio público municipal afectados para acometida de gas natural ao edificio situado na Av. Miguel Gonzalez Garcés (Os Sauces)-Rutis.
- 1029 28/06/2018 Concesión a D.U.C. da licenza municipal de obras para a demolición dunha vivenda unifamiliar na rúa Bo Home, parroquia de Almeiras.
- 1030 28/06/2018 Concesión a S.A.I.S. da licenza municipal de obras para a construción dunha vivenda unifamiliar na rúa Brea, parroquia de Sésamo.
- 1031 28/06/2018 Concesión a Fergo Galicia Renta SL da licenza que solicitou para "reformado do proxecto básico e de execución para a agrupación de parcelas F e H", situadas quinteiro 7 Polígono Industrial de Alvedro, parroquia de Almeiras.
- 1032 28/06/2018 Delegación na concelleira D^a Marta Maria Figueroa Fuentes do exercicio da competencia para a celebración do matrimonio civil entre E.V.R. e J.M.A.G. o día 30-06-2018 ás 19.00 horas.
- 1033 28/06/2018 Convocatoria á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 02-07-2018.
- 1034 29/06/2018 Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a M.J.V.M. do recibo de luz por importe de 21,91€ do período do 12-04-2018 ao 14-05-2018.
- 1035 29/06/2018 Concesión a G.R.O. da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.
- 1036 29/06/2018 Concesión autorización a J.L.V.R. en representación ASOCIACIÓN SANTA MARÍA DA O, á realización do FESTIVAL ROCK VILABOA "VAITE BOA VILABOA" no lugar da Praza da Igrexa de Vilaboa o día 30-06-2018.
- 1037 29/06/2018 Orde a MAESTRO MATEO DISEÑO SL, como propietario, á realización nos terreos situados na referencia catastral 15031A00900287 á limpeza e desbroce que resulten necesarios para manter o terreo nas debidas condicións de seguridade/salubridade.
- 1038 29/06/2018 Adxudicación da execución da obra "Inst. de red de saneamiento R/ Canabal, R/ Do Concello y R/ Manuel Andrés Reboredo" á empresa CONSTRUCCIONES PAN Y DÍAZ SL, fixando o prezo en 53.337,01€, IVE engadido
- 1039 29/06/2018 Exclusión do procedemento de adxudicación ao licitador PÓRTICO GESTIÓN INGENIERÍA e dúas máis e adxudicación da execución da obra "Renovación y ampliación del parque infantil Fernando II" á empresa JARDINERÍA ARCE, prezo 30.485,28€, IVE engadido.


C.I.F. P-1503100-H

- 1040 29/06/2018 Autorización a D^a Alicia Ferreiro Varela á consulta do expediente 774/2014.
- 1041 29/06/2018 Rectificación da resolución do 29-06-2018 pola que se autoriza á Sra. Ferreiro Varela á consulta do expediente 774/2014.
- 1042 29/06/2018 Concesión a J.A.S.T. dunha axuda económica para o pago de recibos de auga do 1º, 2º e 3º trimestre de 2018, pago recibos electricidade de novembro 2017 a outubro 2018 e bono de alimentos tipo B.
- 1043 02/07/2018 Concesión a A.M.C. do servizo municipal de Teleasistencia domiciliaria.
- 1044 02/07/2018 Concesión a F.A.R. dunha ampliación no servizo municipal de Axuda no fogar cunha intensidade de 5 horas á semana (agás festivos).
- 1045 02/07/2018 Concesión a L.G.M. e C.L.C. do servizo municipal de Axuda no fogar cunha intensidade de 10 horas á semana (agás festivos).
- 1046 02/07/2018 Concesión a C.I.R. do servizo municipal de Axuda no fogar cunha intensidade de 5 horas á semana (agás festivos).
- 1047 02/07/2018 Aceptación do desestimento da solicitude do servizo municipal de Axuda no fogar formulado por C.G.C.
- 1048 02/07/2018 Denegación a M.P.U. do servizo municipal de Teleasistencia domiciliaria.
- 1049 02/07/2018 Imposición sanción tráfico, expediente 16909/2017.
- 1050 02/07/2018 Estimación das alegacións de expedientes sancionadores de tráfico. Expediente: 11607/2017 e un máis.
- 1051 02/07/2018 Requirimento a A.G.C. para que no prazo dun mes proceda á retirada do vehículo 3704CZT das instalacións da empresa DESGUACES RUTABELLA, SL, previo abono da taxa por retirada, depósito e inmovilización de vehículos.
- 1052 02/07/2018 Asunción das funcións da alcaldía polo primeiro tenente de alcalde, D. Diego Taibo Monelos, o día 02-07-2018 de 13.00 a 15.00 horas.
- 1053 03/07/2018 Desestimación do recurso de reposición en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria interposto por J.J.J., expediente: 17488/2017, confirmando a sanción imposta.
- 1054 03/07/2018 Delegación na concelleira D^a María del Carmen Varela Corbelle do exercicio da competencia para a celebración do matrimonio civil entre M.S.R.O. e J.S.V. o día 06-07-2018 ás 19.30 horas.
- 1055 03/07/2018 Delegación no concelleiro D. Diego Antonio Taibo Monelos do exercicio da competencia para a celebración do matrimonio civil entre P.J.F. e A.C.E. o día 07-07-2018 ás 13.30 horas
- 1056 04/07/2018 Autorizacións, disposicións, recoñecemento de obrigase ordenación do pago das facturas incluídas na relación O/2018/36. (TERCEIRO: JOSÉ BENITO GONZÁLEZ Y OTRO, S.C.-IMPORTE TOTAL: 113,93 e máis).
- 1057 04/07/2018 Aprobación expediente xeración crédito importe 131.964,71€. (POS+ ADICIONAL 1/2017 por maior achega provincial, obras: Conservación e acondicionamento Polideportiva Tarrío e red de saneamento en diversas rúas do Concello: R/ Peiro de Abaixo,...)



C.I.F. P-1503100-H


- 1058 04/07/2018 Requirimento a E.F.G. á realización do curso de Autodesk Revit (nivel iniciación) que impartirá o Instituto Galego de Formación e autorización, disposición e recoñecemento obriga a favor de E.F.G. por importe de 225 € (reintegro pagamento matrícula curso).
- 1059 04/07/2018 Autorizacións, disposicións, recoñecemento de obrigas e ordenación do pago das facturas incluídas na relación O/2018/37. (TERCEIRO: AUTOS IGLESIAS, SL-IMPORTE TOTAL: 4.263,99€ e máis).
- 1060 04/07/2018 Concesión a K.P.D.A. da modificación do seu horario fixo de presenza.
- 1061 04/07/2018 Levantamento reparo que formula Intervención Municipal xeral e avocación da competencia para a contratación laboral temporal de 10 persoas en situación ou risco de exclusión perceptoras da RISGA que se integrarán no Servizo "Culleredo Social V"(10 peóns).
- 1062 05/07/2018 Concesión a M.R.V.G. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1075,68€.
- 1063 05/07/2018 Convocatoria á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 09-07-2018.
- 1064 05/07/2018 Denegación expedición copias informes solicitadas D^a Alicia Ferreiro Varela e autorización acceso e consulta informes xefe servizo de urbanismo e secretaria xeral emitidos en relación Plan Xeral Ordenación Municipal. Documento aprobación provisional.
- 1065 05/07/2018 Concesión autorización I.R.R. en representación COMISIÓN FESTAS PEIRO DE ARRIBA ocupación espazo público no lugar de PEIRO DE ARRIBA, parroquia de Celas de Peiro os días 6 e 7 de xullo de 2018 para a celebración da festa ou verbena popular ao aire libre.
- 1066 05/07/2018 Concesión autorización J.L.V.R. en representación ASOCIACIÓN SANTA MARIA DA O ocupación espazo público lugar de CAMPO DA FESTA DE VILABOA, parroquia Rutis os días 6, 7, 8, 9 e 10 de xullo de 2018 para a celebración da festa ou verbena popular ao aire libre.
- 1067 05/07/2018 Autorización a D^a Verónica Rivadulla Deschamps á consulta dos convenios que se atopan na Secretaría Xeral do Concello.
- 1068 05/07/2018 Aceptación da solicitude de desestimento do Servizo municipal de Axuda a domicilio formulada por E.M.C.
- 1069 05/07/2018 Aceptación da suspensión temporal do servizo municipal de Axuda no fogar e Teleasistencia domiciliaria a F.V.R. ata o 27-09-2018.
- 1070 05/07/2018 Concesión autorización a M.J.O.F. en representación ASOCIACIÓN DEPORTIVA TEMPO LIBRE A PEDROSA para a ocupación do espazo público no lugar EXPLANADA LOCAL SOCIAL A PEDROSA -ORRO o día 07-07-2018 para a celebración das FESTA GASTRONÓMICA "POLO PEDROSIANO".
- 1071 05/07/2018 Aceptación da cesión que fan J.J.L.A. e R.C.R. a favor do Concello de Culleredo dunha superficie de 72m² para o seu destino a viario público.
- 1072 05/07/2018 Autorización do uso especial por UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA dos terreos de dominio público municipal afectados para a desmontaxe e reforzo de RBTa na rúa Brañas núm. 19 da parroquia de Rutis.




C.I.F. P-15031004H

- 1073 05/07/2018 Autorización suspensión provisional obxectivos calidade acústica área acústica tipo a. "Sectores do territorio con predominio de solo de uso residencial". Decreto 1367/2007, limitada rúas Juan Carlos I, Rúa das Artes e máis.
- 1074 05/07/2018 Levantamento do reparo formulado pola Intervención Xeral, avocación da competencia, aprobación, disposición, recoñecemento da obriga (Documento contable: 220180010834), (TERCEIRO: CONSTRUCCIONES PAN Y DIAZ SL - IMPORTE:14.779,13€) e ordenación pagamento.
- 1075 06/07/2018 Establecemento da xornada de traballo de A.B.R.V. na quenda de mañá, desde o 2 ao 20 de xullo 2018 (ambos os dous inclusive) e desde o 6 ao 7 de agosto de 2018 (ambos os dous incluídos).
- 1076 06/07/2018 Establecemento da xornada de traballo de T.C.F. na quenda de mañá no Edificio Municipal de Servizos Múltiples do Burgo, desde o 23 ao 31 de xullo 2018 (ambos os dous incluídos).
- 1077 06/07/2018 Establecemento da xornada de traballo de A.B.C. na quenda de mañá no Edificio Municipal de Servizos Múltiples do Burgo, desde o 16 ao 31 de agosto de 2018 (ambos os dous incluídos).
- 1078 06/07/2018 Imposibilidade expedición certificación solicitada por J.R.G. de inexistencia dun expediente de reposición da legalidade urbanística sobre o inmovible coa referencia catastral 15031A065005660000OU.
- 1079 06/07/2018 Concesión a C.A.R.G. da licenza municipal de obras para a construción dunha edificación agropecuaria na parcela situada na rúa Condes, parroquia de Sésamo.
- 1080 06/07/2018 Concesión a J.V.F. da licenza de primeira ocupación que solicitou para unha vivenda unifamiliar situada na rúa Anchouza, parroquia de Rutis.
- 1081 06/07/2018 Concesión a D.M.C. da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.
- 1082 09/07/2018 Concesión dunha bonificación, por familia numerosa, do 50% sobre os consumos comprendidos entre 30 e 50 m3 a V.S.I. no domicilio sito na Av. Ribados, con efectos de 01/10/2018.
- 1083 09/07/2018 Concesión a J.L.P.G. da licenza municipal de obras para a construción dunha vivenda unifamiliar na parcela situada no lugar de Peiro de Arriba, parroquia de Celas.
- 1084 10/07/2018 Autorizacións, disposicións, recoñecemento de obrigas e ordenación do pago das facturas incluídas na relación O/2018/39. (TERCEIRO: MULTIPRECIOS GALICIA, SL-IMPORTE TOTAL: 17,95€ e máis).
- 1085 10/07/2018 Corrección do erro detectado na resolución núm. 868/2018 do 07-06-2018.
- 1086 11/07/2018 Concesión J.L.R.M., representación ASOCIACIÓN CULTURAL E RECREATIVA O LAGARTO LEDOÑÉS autorización ocupación espazo público lugar Ledoño, parroquia Ledoño, días 13, 14, 15 e 16 de xullo de 2018 para celebración festa ou verbena popular ao aire libre.
- 1087 11/07/2018 Autorización a P.F.S. dunha licenza sen retribución desde o 24 ao 31 de agosto de 2018 (ambos os dous incluídos).

C.I.F. P-1503100-H




- | | | |
|------|------------|--|
| 1088 | 11/07/2018 | Aprobación do "Plan de acción do comercio local de Culleredo" e das estratexias que se definen no mesmo coa finalidade de dinamizar o sector comercial do Concello de Culleredo. |
| 1089 | 12/07/2018 | Concesión R.A.S. bonificación taxa distribución auga e taxa depuración augas residuais do 100% sobre o consumo de 150 litros/día por cada persoa que resida na R/ Eduardo Blanco Amor, unidade familiar 1 membro, a partir de xullo e durante ano 2018. |
| 1090 | 12/07/2018 | Aprobación do convenio de colaboración presentado polo Concello de Ponteceso para o reforzo do servizo policial con dous policía locais pertencentes ao cadro de persoal do Concello de Culleredo durante a festa do percebe a celebrar o 14 de xullo de 2018. |
| 1091 | 12/07/2018 | Delegación na concelleira, Dª Penélope López Díaz, do servizo da competencia para a celebración do matrimonio civil entre S.F.H. e F.A.O.V. o día 14-07-2018 ás 19.00 horas. |
| 1092 | 12/07/2018 | Convocatoria á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 16-07-2018. |
| 1093 | 13/07/2018 | Modificación da resolución núm. 1014 do 27-06-2018. |
| 1094 | 13/07/2018 | Levantamento reparo Intervención Municipal e avocación competencia para aprobación, disposición e recoñecemento gastos e ordenación pago e aprobación certificación núm. 1 obra "Acondicionamiento de camino en Figueiras, ramal en Peiro y Silvar y ramal... |
| 1095 | 13/07/2018 | Aprobación do plan de seguridade e saúde da obra de "Instalación dun ascensor en el edificio de Servicios Múltiples do Burgo", redactado por DUPLEX ELEVACIÓN SL. |
| 1096 | 13/07/2018 | Concesión a J.M.I.M. do servizo municipal de Axuda no fogar cunha intensidade de 5 horas á semana (agás festivos). |
| 1097 | 13/07/2018 | Corrección do erro detectado na resolución núm. 1035 do 29-06-2018. |
| 1098 | 13/07/2018 | Autorización, disposición, recoñecemento e orde pago A.R.B.R. recibos electricidade período do 15-01-2018 ao 13-02-2018 por importe de 20€, do 13-02-2018 ao 14-03-2018 por importe de 18,98€, do 14-03-2018 ao 15-04-2018 por importe de 21,91€ e máis. |
| 1099 | 13/07/2018 | Autorización, disposición, recoñecemento e orde pago a M.J.P.B. do recibo de auga por importe de 62,37€ do 2º trimestre de 2018. |
| 1100 | 13/07/2018 | Autorización, disposición, recoñecemento e orde pago a M.C.L.V. do recibo de electricidade por importe de 15,45€ do período do 15-05-2018 ao 14-06-2018. |
| 1101 | 13/07/2018 | Autorización, disposición, recoñecemento e orde pago a E.I.R. do recibo de electricidade por importe de 68,05€ do período do 13-05-2018 ao 12-06-2018. |
| 1102 | 13/07/2018 | Autorización, disposición, recoñecemento e orde pago E.I.R. do recibo de auga por importe de 72,63€ do 2º trimestre de 2018. |
| 1103 | 13/07/2018 | Autorización, disposición, recoñecemento e orde pago a Y.D.C. do recibo de electricidade por importe de 18,39€ do período do 10-05-2018 ao 06-06-2018. |



- | | | |
|------|------------|--|
| 1104 | 13/07/2018 | Concesión a F.J.C.G. dunha axuda económica para o pago de recibos de auga correspondente ao 2º, 3º e 4º trimestre de 2018, pago recibo electricidade 6 meses 2018, pago recibos comunidade por importe de 193,64€ de outubro de 2017 a febreiro 2018 e máis. |
| 1105 | 13/07/2018 | Concesión a F.S.P. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1075,68€. |
| 1106 | 13/07/2018 | Concesión a J.A.C.L. dunha axuda para o pago do recibo de auga do 1º, 2º e 3º trimestre de 2018, pago recibo electricidade 4 meses 2018, pago recibo gas 4 meses 2018, Bono de alimentos tipo A e Bono de hixiene tipo A. |
| 1107 | 13/07/2018 | Concesión a J.D.F.L. dunha axuda económica para o pago de recibos de comunidade por importe de 1040€ e para o pago de recibo de auga por un importe de 35,68€. |
| 1108 | 13/07/2018 | Concesión a N.M.V. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 455€ de 7 meses do ano 2018, pago recibo comunidade por importe de 240€ de 7 meses de 2018, recibo electricidade 2 meses 2018 e pago recibos auga 1º, 2º e 3º trimestre 2018. |
| 1109 | 13/07/2018 | Concesión a L.E.P.A. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1075,68€. |
| 1110 | 13/07/2018 | Autorización, disposición, recoñecemento e orde pago a Y.D.C. do recibo de auga por importe de 54,50€ do 2º trimestre de 2018. |
| 1111 | 13/07/2018 | Autorización, disposición, recoñecemento e orde pago a M.A.G.L. do recibo de electricidade por importe de 63,05€ do período do 19-01-2018 ao 14-03-2018. |
| 1112 | 16/07/2018 | Autorización, disposición, recoñecemento e orde pago a S.T.S. do recibo de auga por importe de 97,65€ do 4º trimestre de 2017, pago recibo luz por importe 349,28€ do período do 12-10-2017 ao 13-06-2018 e do recibo de gas por importe de 191,78€. |
| 1113 | 16/07/2018 | Concesión a C.L.S. dunha axuda económica para o pago de recibos de auga do 3º e 4º trimestre de 2018, pago recibos electricidade de setembro de 2017 a outubro de 2018 e pago recibos gas de setembro de 2017 a outubro de 2018. |
| 1114 | 16/07/2018 | Concesión a P.S. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1075€. |
| 1115 | 16/07/2018 | Concesión a M.S.P. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1075€. |
| 1116 | 16/07/2018 | Concesión a Y.C.P. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1075€. |
| 1117 | 16/07/2018 | Concesión a S.S.S. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 330, pago recibo luz por importe 369,41€ correspondente aos meses de outubro de 2017 a xuño 2018, pago recibos luz de xullo a outubro de 2018 e máis. |
| 1118 | 16/07/2018 | Rexistro do animal potencialmente perigoso de nome Julio Iglesias, especie canina, núm. Microchip 941000018585964, propietario A.I.A., núm. de licenza para posesión de animais potencialmente perigosos: 117, data de expedición 15-06-2018. |

- 1119 16/07/2018 Requirimento P.L.A. para que nun mes proceda retirada vehículo C7199BX coa advertencia que de non cumprir indicado ditarase resolución, se procede, autorizando traslado Centro Autorizado Tratamento Vehículos para posterior destrución e descontaminación
- 1120 16/07/2018 Outorgamento da renovación da licenza municipal para a posesión de animais potencialmente perigosos co núm. 69 a J.R.C.
- 1121 16/07/2018 Outorgamento da renovación da licenza municipal para a posesión de animais potencialmente perigosos co núm. 67 a N.I.V.
- 1122 16/07/2018 Aprobación do proxecto técnico para a obra de "Ampliación do Centro Cívico de Sésamo" co seu correspondente orzamento que ascende á cantidade de 123.117,97€, IVE engadido.
- 1123 16/07/2018 Aprobación da operación denominada "Comercio Culleredo". (Operación estratexia DUSI).
- 1124 16/07/2018 Incoación procedemento orde execución, no seu caso, actuacións e obras que no seu informe do 27-02-2017 sinala o xefe Servizo Arquitectura e Urbanismo, no inmovible situado Av. Coruña e audiencia Patrucial SL para consultar expediente e formular alegacións.
- 1125 17/07/2018 Aprobación das listas provisionais dos/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo convocado para a selección de mestras/es para impartir os módulos formativos das especialidades da programación AFD, exercicio 2018 e 2019.
- 1126 17/07/2018 Aprobación da certificación núm. 2 da obra "Aforro enerxético, supresión tanto alzado e mellora de cadros eléctricos e luminarias na R/. Condes de Andrade, Vigovidín, A Xeca e Monte das Arcas", a favor da empresa INSTELEC, SL, polo importe de 13.262,96€.
- 1127 17/07/2018 Autorizacións, disposicións, recoñecemento de obrigas e ordenación do pago das facturas incluídas na relación O/2018/40. (TERCEIRO: EMPRESA MUNICIPAL DE AUGAS DE LA CORUÑA, SA-IMPORTE TOTAL: 2.649,58€ e máis).
- 1128 17/07/2018 Inicio expediente sancionador por presunta infracción á normativa en materia de tráfico. Expediente: 6113/2018 e noventa máis.
- 1129 17/07/2018 Aceptación do desestímulo da solicitude do servizo municipal de Axuda no fogar formulado por C.F.F. e R.R.S.
- 1130 17/07/2018 Concesión a M.S.V. do servizo municipal de Axuda no fogar cunha intensidade de 2 horas á semana (agás festivos) e do servizo municipal de Teleasistencia domiciliaria.
- 1131 17/07/2018 Imposibilidade expedición certificación solicitada por F.J.A.R. de que o inmovible con referencia catastral 15031A04200244, situado no lugar de Vilar, parroquia de Sésamo, cumpre coa legalidade urbanística.
- 1132 17/07/2018 Imposibilidade expedición certificación solicitada por A.V.A. de non incoación dun expediente de reposición da legalidade urbanística sobre o inmovible coa referencia catastral 15031A012004060000OZ.



C.I.F. P-1508100-H

6.- MOCIÓNS URGENTES.

Non se presentan mocións neste punto da orde do día.

7.- ROGOS E PREGUNTAS.

A Presidencia pregunta aos membros da Corporación se teñen que facer algún rogo ou pregunta, solicitando o uso da palabra a concelleira non adscrita, Sra. Rivadulla Deschamps quen, unha vez concedido, di que á vista do convenio co Concello de Ponteceso lle xurdiu unha dúbida sobre se existe algún tipo de protocolo para este tipo de actuacións xa que lle chama a atención que os policías colaboradores teñan que percorrer máis de 50 quilómetros, polo que pregunta se non había opcións máis preto ou se o Concello de Culleredo ten algún tipo de colaboración previa co Concello de Ponteceso neste sentido.

Continúa a súa intervención dicindo que ten unha segunda pregunta xa que como cada mes no último tempo teñen coñecemento dun feixe de informes de reparos de Intervención e pregunta se este vai ser o xeito habitual de traballo do goberno local ou se está tratando de atopar un xeito de canalizar ou ordenar todos estes gastos.

Responde o alcalde-presidente, Sr. Rioboo Castro, dicindo que con respecto ao convenio dos policías existe un convenio de colaboración tal como permite a lexislación tras a petición formal do Concello de Ponteceso a diferentes Policías Locais da comarca e á vista da cal se fai unha convocatoria voluntaria por se houbera algún policía disposto a colaborar, presentándose dous voluntarios polo que se asina ese protocolo de colaboración.

Segue dicindo que con respecto aos reparos están tratando de arranxar a problemática existente desde o departamento de Facenda e que imaxina que en breve poderán verse menos facturas con reparo.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do Grupo Mixto, Sr. Vázquez Lozano quen, unha vez concedido, di que á vista da orde do día deste Pleno, no que non aparece moción ningunha do equipo de goberno nin da oposición, pregunta se o motivo é que se está traballando ou esta falta de actividade débese á época estival e as vacacións do persoal e polo tanto se podería supoñer que no vindeiro pleno previsto para o mes de agosto haberá esta mesma inactividade; que o concelleiro do Bloque trouxo ao Pleno unha moción solicitando a diminución da periodicidade das sesións da Xunta de Goberno Local e que el non estivo moito de acordo porque pensaba que a actividade municipal requiría da periodicidade establecida pero que á vista da actividade que se está vendo podería ser que se tivera que reconsiderar outra forma de traballo.

(neste intre incorpórase á sesión a sra. Concelleira dona Lucía Isabel Fariñas Seoane)

Continúa a súa intervención o Sr. Vázquez Lozano dicindo que ten outro rogo en relación cunhas fotos que lle enviaron da zona de Vilaboa preto duns contedores ao redor dos cales hai colchóns desde hai varios días, basura tirada fora dos contedores, bastantes desperdicios.

(neste intre incorpórase á sesión a sra. Concelleira dona Nuria Carballeda Feijoo)

Segue a súa intervención o Sr. Lozano solicitando que o Concello lle trasmita á empresa que leva este tema, ao Consorcio das Mariñas neste caso, o problema descrito e que desde a Administración municipal se faga unha vixilancia máis exhaustiva sobre este tema pois a suciedade cada vez vai a máis.

Deseguido solicita o uso da palabra o concelleiro do Grupo Mixto, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que o equipo de goberno ven cunha orde do día para este pleno que non leva ningunha proposta; que non teñen iniciativa política, non teñen ideas para Culleredo e non saben que facer coa autoridade que lles asignaron, propoñendo gastar o remanente sabendo que non o podían facer; que descoñecen o máis elemental da xestión pública e non é casual que o outro día nas comisións houbera que explicarlle á concelleira de Economía e Patrimonio que un gasto non é o mesmo que un investimento e que lle houbera que ler o ROM na da Obras e servizos porque non o coñecía, e que non o coñecía para negarlle dereitos ao voceiro do bng, para negarlle a participación na comisión que lle autoriza o ROM; pregunta que pasa co PXOM pois ía estar para antes de rematar 2017; que se opuxeron contundentemente á proposta do bng dunha nova exposición pública porque seica retrasaba moito, trunfando a súa opción de non facelo cando agora seica non son quen de presentalo e nen sequera de convocar formalmente aos grupos para revisar como quedou, de convocar a comisión especial do PXOM para ir traballando nel e pregunta que pasa, se tan mal anda o conto e que seica tiña razón o bng

En canto aos servizos sen contrato, di que ten o informe da señora interventora de xaneiro de 2017 onde se falaba xa que se tiña a limpeza viaria sen contrato por un importe anual de 461.000 euros ao ano, mantemento de parques infantís 94.000 euros ao ano, mantemento do xardín de Os Olivos, 34.000 euros ao ano, sanitarios portátiles, dos que xa se aprobou unha moción do bng para quitalos e poñer a funcionar uns xa existentes, 31.000 euros ao ano, mantemento do campo de fútbol O Carrizo 25.000 euros ao ano, cuestións expostas xa pola interventora no 2017 e que agora o equipo de goberno trata de transmitir como algo sobrevenido, como causa da nova lei de contratos cando esta lei é de novembro de 2017 e entraba en vigor aos catro meses e implantaba as directivas europeas de contratación aprobadas en 2014, data desde a que se leva falando do tema polo que non debería pillar de sorpresa a ninguén, o que dá lugar a centos de miles de facturas reparadas porque están mal tramitadas.

Pregunta se será tamén esa lei a culpable de que non se teña contratada a xestión da auga desde 2014, ou a limpeza viaria desde 2012, ou a atención a domicilio desde xaneiro deste ano, ou o desbroce de cunetas desde o ano pasado, etc.; que tampouco aparece o contrato de desbroces, nin o de Asistencia a domicilio (formalizado en 2013 por 3+1 anos) eran 646.000 euros ao ano e tamén se está sen ese contrato desde 2016; pregunta tamén polo CLT, solicitando se lle informe que pasa cos ocupas que hai en parcelas que na liquidación pasaron a patrimonio público, que se lle responda ás seguintes preguntas que teñen feito en plenos anteriores:

- A Garrocha. Que estivo repasando as respostas do mes pasado e son de pena pois o Sr. alcalde seica mandou iniciar o expediente desde que é alcalde e aparte de intentar botar balóns fora e cargarlle as culpas ao que dixo que "sempre sería o alcalde de Culleredo"; a parte deso, é que o que hoxe é alcalde era o tenente de alcalde e encargado da área de medio ambiente, obras e servizos, e seguridade e xa teñen denunciado varias veces os problemas de medio ambiente e de seguridade desa instalación, dicindo agora que empeza o contador.

- A revisión de oficio do expediente do axente de prensa, sobre o que din que non lles dou tempo en dous meses a facer a revisión dun contratiño de dous folios, o que fai dubidar sobre o que podería haber oculto aí.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo municipal Marea Veciñal de Culleredo, Sr. Taibo Gago quen, unha vez concedido, di que quere trasladar as queixas da veciñanza da zona da Hermida por traballos feitos no Aeroporto ata horas que impiden o descanso dos veciños e veciñas que teñen que traballar ao día seguinte pois houbo días nos que ás 4 da mañá estábase traballando.

Responde o alcalde-presidente, Sr. Rioboo Castro, dicindo que xa se puxeron en contacto co persoal do Aeroporto verbalmente e se está levando a cabo o requirimento por escrito, comunicando este organismo que ten licenza para a obra que está a facer e que si é consciente das queixas veciñais e van procurar atendelas.

Seguidamente solicita o uso da palabra a concelleira do grupo municipal Alternativa dos Veciños, Sra. Ferreiro Varela quen, unha vez concedido, di que quere facer unha pregunta en relación cunha noticia que saiu na prensa comunicando que se vai encargar ou xa se encargou un estudo técnico para a casa dos peones camineros en relación cun novo uso; que a súa pregunta concreta é en relación a que, se no Plan vixente actualmente este edificio está fora de ordenación e se supón que ten que desaparecer según o novo Plan que se está tramitando, para canto tempo se vai conceder ese novo uso porque se os informes do PXOM que hai neste momento son negativos non entende esta actuación e pregunta se se vai descartar o traballo feito e se vai volver a empezar

Responde o Sr. Rioboo Castro dicindo que pediron un informe para este tema, para saber o uso que se lle pode dar a esa caseta que antes era da Xunta de Galicia e agora é de titularidade municipal; que se se pode manter se manterá e se lle dará un novo uso.

A continuación intervéñ de novo a Sra. Ferreiro Varela e pregunta se se vai manter aínda en contra do establecido no novo PXOM

Responde o Sr. alcalde-presidente que o novo PXOM aínda non está a aprobado e que o PXOM vixente na actualidade é o de 1987, sendo este o documento polo que neste momento se hai que rexer, polo que haberá que avaliar, sempre que se conte con informes favorables, se convén manter ese espazo para darlle un novo servizo público, quedando á expectativa do ditado polos informes técnicos de Urbanismo; que o equipo de goberno preguntou á Xunta de Galicia o que se estaba a facer con casetas similares e lle presentaron exemplos nos que a recuperación supuxo un elemento dinamizador das zonas onde se atopaban, convertíndose en casetas de turismo, albergues, etc., considerando que paga a pena tentar a súa recuperación pois aínda que está bastante deteriorada é unha mágoa desfacer unha construción deste tipo.

Intervén novamente a Sra. Ferreiro Varela e di que ela non ve mal que se lle dea un novo uso e que a súa pregunta vai encamiñada a dilucidar a conveniencia de darlle un novo uso a un edificio que puidera desaparecer nun breve espazo de tempo ou se a previsión é que o PXOM non se aprobe nun período corto de tempo que faga conveniente a dita actuación e que, se realmente paga a pena conservar un edificio deste tipo puidera ser que o que se deba revisar fora o Plan Xeral; que o feito de que se estea por unha parte intentando aprobar un novo Plan e que por outra parte se intenten facer actuacións que vaian en contra do mesmo, xa non estaría ben por parte dun veciño e máxime cando é a propia Corporación a que actúa desta forma; pregunta se se lles vai dar información sobre o Plan e se os van convocar nun futuro próximo e cando.

Contesta afirmativamente o alcalde-presidente, Sr. Rioboo castro, e comunica que en canto dispoña de toda a información se lles convocará.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e cincuenta e cinco minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria xeral accidental, dou fe.

Vº e praxe,
O Alcalde-Presidente

José Ramón Rioboo Castro



19 de 19